



Concello de Cangas

**CIUDAD CIENCIA VOLVE A CANGAS CUNHA CONFERENCIA SOBRE
MÉTODOS ALTERNATIVOS AOS PRODUTOS FITOSANITARIOS.**

Continuando coas actividades que o Concello de Cangas ven desenvolvendo no marco da iniciativa de divulgación científica *Ciudad Ciencia*, este próximo **luns 8 de maio, ás 20:00 horas**, o **Salón de Plenos do Concello** acollerá unha conferencia a cargo do científico do *Instituto de Ciencias Agrarias (CSIC)* Alberto Ferreres, co título **“Métodos alternativos sustentables e respectuosos co medio ambiente para o control de pragas e enfermidades dos cultivos”**. A conferencia esta aberta a todo o público en xeral que estea interesado no ámbito da agricultura sustentable, sendo a entrada libre.

Ciudad Ciencia é un proxecto de divulgación científica promovido polo *Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)* e a *Fundación “La Caixa”*, que pretende achegar os avances científicos e tecnolóxicos á cidadanía e no que o Concello de Cangas ven colaborando desde hai 5 anos, sendo o único concello de Galicia que foi seleccionado para participar nesta iniciativa.

Para máis información sobre as actividades de *Ciudad Ciencia* que se coordinan desde o Concello de Cangas, o teléfono de contacto é o 986304650.

Cangas, 5 de maio de 2017

A CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

ÁNXELA VIZOSO MARCOS